

# **A Xunta convoca os premios extraordinarios de bacharelato, que recoñecen os méritos académicos do alumnado do curso 2022/23.**

Os aspirantes deben ter unha media igual ou superior a 8,75 puntos, así como quedar entre os 20 primeiros nunha proba específica á que deben presentarse

Os interesados dispoñen de prazo para inscribirse entre o 26 de abril e o 25 de maio.

A Xunta de Galicia vén de convocar os Premios Extraordinarios de Bacharelato correspondentes ao curso 2022/23, un galardón que impulsa cada ano a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidade co obxectivo de recoñecer os méritos académicos dos alumnos desta etapa educativa.

Como se recolle no [Diario Oficial de Galicia](#), poderán acadar estes galardóns, dotados cada un deles con 1.000 euros, un total de 20 estudantes. O alumnado que obteña o premio extraordinario recibirá, ademais, un diploma acreditativo e a distinción será anotada no seu expediente académico. O obxectivo é recoñecer e valorar publicamente os méritos excepcionais baseados no esforzo e no traballo das persoas que cursaron cun excelente resultado académico estas ensinanzas.

Poderá optar ao premio extraordinario de bacharelato o alumnado que teña rematado estes estudos no curso 2022/23 nun centro docente de Galicia, ben na modalidade presencial ou na modalidade a distancia, e ser proposto para título na convocatoria ordinaria do dito curso; e que obtivese unha nota media igual ou superior a 8,75 puntos.

## **Proba presencial o 14 de xuño**

Ademais, as persoas candidatas deberán realizar unha proba presencial, que terá lugar o día 14 de xuño, e que está estruturada en dúas partes. A primeira delas consistirá nunha análise e comentario crítico dun texto sobre un tema de carácter xeral, histórico, filosófico ou literario, e en responder cuestións de carácter cultural ou lingüístico sobre un texto na Primeira Lingua Estranxeira II cursada polo alumnado como materia xeral do bloque de materias troncais do Bacharelato.

A segunda parte consistirá no desenvolvemento de temas, respostas a cuestións ou exercicios prácticos dunha materia xeral do bloque de materias troncais cursada polo alumnado a elixir entre Matemáticas II, Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II, Latín II e Fundamentos da Arte II.

## Solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto entre o 26 de abril e o 25 de maio. A presentación será, preferiblemente, por vía electrónica a do formulario normalizado través que se atopa no [Portal Educativo](#) cos datos correspondentes.

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente en calquera